



INFORME DE TESOURERIA

ASUNTO: LIQUIDACIÓN ORZAMENTO XERAL DO CONCELLO DE OURENSE. EXERCICIO 2010

I. LEXISLACIÓN APLICABLE:

- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local. (LRBRL, en adiante).
- Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, que aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais. (TRLRFL, en adiante).
- Real Decreto 500/1990, do 20 de abril, regulamento orzamentario. (RDO, en adiante).
- Orde EHA/3565/2008, de 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura dos orzamentos das Entidades Locais. (OEO, en adiante).
- Orde EHA/4041/2004, de 23 de novembro de 2004, que aproba a Instrución do Modelo Normal de Contabilidade Local. (ICL, en adiante).

II. LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO:

a) Ambito temporal:

O peche e liquidación do Orzamento da Entidade Local e, non seu caso, dos Organismos autónomos dependentes efectuarase, en canto á recadación de dereitos e pagamento de obrigas, o 31 de decembro do ano natural correspondente.

A confección dos estados demostrativos da liquidación do Orzamento deberá realizarse antes do día primeiro de marzo do exercicio seguinte.

As Entidades Locais remitirán copia da liquidación do Orzamento, antes de rematar o mes de marzo do exercicio seguinte ou que corresponda, á Comunidade Autónoma e o centro ou dependencia do Ministerio de Economía que este determine.

b) Órgano competente:

Corresponderá o Presidente da Entidade Local, logo de informe da Intervención, a aprobación da liquidación do Orzamento da Entidade Local e, non seu caso, das liquidacións dos Orzamentos dos Organismos Autónomos dependentes.

c) Dación de conta:

Da liquidación do Orzamento, unha vez efectuada a súa aprobación, darase conta o Pleno na primeira sesión que celebre.

d) Estrutura e contido.

A liquidación do Orzamento porá de manifesto:

- Respecto do Orzamento de Gastos, detallando a nivel de artigo, os créditos iniciais, as súas modificacións e os créditos definitivos, os gastos autorizados e comprometidos, as obrigas recoñecidas, os pagamentos ordeados e os pagamentos realizados.
- Respecto do Orzamento de Ingresos, e para cada concepto, as previsións iniciais, as súas modificacións e as previsións definitivas, os dereitos recoñecidos e anulados así como os recadados netos.

Como consecuencia da liquidación do Orzamento deberán determinarse:

- Os dereitos pendentes de cobro e as obrigas pendentes de pagamento a 31 de decembro. Estes quedarán a cargo da Tesourería da Entidade Local e integrarán a agrupación de Orzamentos pechados.
- O Resultado Orzamentario do exercicio.
- Os Remanentes de Crédito.
- O Remanente de Tesourería.



III. TRAMITACIÓN:

- Confección dos Estados Demostrativos da Liquidación do Orzamento.
- Informe da Tesourería Municipal.
- Informe da Intervención Municipal.
- Aprobación da Liquidación polo Presidente da Entidade Local.
- Dación de Conta ó Pleno da Corporación na primeira sesión que celebre.
- Remisión de copia da liquidación á Comunidade Autónoma así como o servizo de coordinación coas facendas territoriais do Ministerio de Economía (artigos 174.5 da LRFL e 91 do RDO).

IV. INFORME:

Examinada a documentación que integra o expediente:

- Liquidación do orzamento de gastos. Listados:
PPTOORGICAL2004, PPTOORGICAL200402, PPTOORGICAL200403, LIQPPTGAS, MEM201A1_04, MEM201A2_04
- Liquidación do orzamento de ingresos. Listados:
PPTOINGICAL2004, PPTOINGICAL200402, LIQPPTING, MEM201B1ANU_04, MEM201B1CAN_04, MEM201B1NETO_04, MEM201B2_04
- Resultado orzamentario. Listado RESPPTOICAL2004.
- Remanentes de Tesourería. Listado MEM205_04.
- Cálculo das desviacións de financiamento do exercicio 2010.

Esta Tesourería, responsable da dirección contable, ten a ben INFORMAR:

A liquidación do orzamento xeral do Concello do exercicio confeccionouse consonte o establecido no TRLRFL, RDO, seguindo o indicado nas correspondentes regras da ICL, unha vez rematada a contabilización das operacións do exercicio 2010.

A liquidación do Orzamento do Concello de Ourense correspondente o exercicio 2010 pon de manifesto, tal e como establece a ICL, para o orzamento de gastos: os créditos iniciais, modificacións, créditos definitivos, obrigas recoñecidas, pagamentos ordeados, pagamentos realizados e saldos de obrigas recoñecidas e ordes de pagamento pendentes que pasan a exercicios pechados, e para o orzamento de ingresos: as previsións iniciais, modificacións, previsións definitivas, dereitos recoñecidos, comparación previsións/dereitos recoñecidos netos, dereitos anulados, recadación neta e dereitos pendentes de cobro que pasan a exercicios pechados. Como consecuencia da liquidación do orzamento determínase a seguinte información:

CONCEPTO	IMPORTE
Dereitos pendentes de cobro de exercicio corrente a 31-12-2010.	9.806.521,45
Obrigas pendentes de pagamento de exercicio corrente a 31-12-2010	14.642.989,04
Resultado orzamentario antes de axustes	2.481.536,03
Resultado orzamentario axustado	9.859.559,87
Remanente de crédito comprometido	12.100.365,53
Remanente de crédito non comprometido	28.923.591,74
Remanente de Tesourería Total (RTT)	44.461.553,55
- Saldos de dubidoso cobro	10.851.158,68
- Exceso de financiamento afectado	16.661.558,48
Remanente de Tesourería para gastos xerais (RTGX)	16.948.836,39



1. Dereitos pendentes de cobro totais a 31-12-2010: Esta cantidade está recollida no estado de Remanente de Tesourería, cantidade calculada conforme o sinalado na regra 85 da ICL, recolle por tanto os dereitos pendentes de cobro do orzamento corrente, de orzamentos pechados e de operacións non orzamentarias. Os dereitos pendentes de cobro minóranse, seguindo un criterio de prudencia, no importe das cantidades ingresadas pendentes de aplicar ó orzamento. Respecto ós importes que se recollen neste apartado do Remanente de Tesourería fánse ás seguintes **observacións**:
 - a) O importe de dereitos pendentes de cobro por operacións non orzamentarias (debedores/acreedores) recollido no cálculo do Remanente de Tesourería ascende a 127.171,60 € No exercicio 2010 tramitouse unha depuración dos saldos das contas non orzamentarias para dar cumprimento ó principio de imaxe fiel. Este axuste de saldos nas contas non orzamentarias efectuouse en todas salvo nas que se sinalan a continuación por no dispoñer da necesaria información para determinar o saldo real das mesmas.
 - 44900 “Deudores nómina por abonos indebidos”. Saldo deudor: 16.764,89 €
 - 566 “Depósitos constituídos a corto prazo”. Saldo deudor: 12.366,95 €
 - a) O importe dos ingresos cobrados pendentes de aplicar ascende a 115.018,40 euros, a maior parte proceden de exercicios pechados e, como xa se puxo de manifesto na liquidación do exercicio 2007, corresponden a ingresos cobrados na conta bancaria 2080 0251 52 0041387916 codificada en contabilidade 573 04 Conta restrixida formalizacións caixa, os cales foron realizados por terceiros directamente na entidade bancaria ou por transferencia sin que dispuxera este departamento da información necesaria para a súa aplicación en contabilidade (terceiro, concepto, tipo de exacción, expediente..), de gran parte dos mesmos se solicitou información os departamentos de urbanismo, xestión de facenda e réxime interior/gobernación, sin que a data de peche do exercicio 2007 e posteriores se dispuxera da información para a aplicación dos mesmos. Na medida na que se reciba información dos mesmo, procederase a súa aplicación na contabilidade municipal. Do exercicio 2008, 2009 e 2010 están pendentes de aplicar ingresos materializados na conta 2080 0251 52 0041386152 codificada en contabilidade 57301 “multas policía”, por importes de 3.066,00, 3.793,01 e 532,00 € respectivamente, pendentes de formalizar pola recadación municipal que os rinde na medida en que dispón da información dos mesmos. Tamén están pendentes de aplicar ingresos efectuados pola concesionaria AQUAGEST dos exercicios 2008 e 2009 por importes de 31,30 e 1,00 € respectivamente. (Adxúntase listado dos ingresos pendentes de aplicación).
 - b) Nas contas formadas pola Recadación Municipal e referidas a períodos mensuais recolléñse as relacións dos cargos recibidos, dos cobros efectuados e do total das baixas tramitadas, tanto pola recadación como directamente dende xestión tributaria. En función da información recibida, a contabilización tivo lugar según se detalla a continuación:
 - Durante o exercicio 2010 aplicáronse ós diferentes conceptos de ingreso os cobros mensuales efectuados pola Recadación Municipal en función da información contida nos listados formalizados e rendidos na conta mensual e coa periodicidade en que forón remitidos.
 - A contabilización dos dereitos recoñecidos correspondentes ós recursos a cobrar polo servizo de recadación efectuouse tamén por períodos mensuais en función da información contida nos listados formalizados e rendidos na conta mensual e coa periodicidade en que forón remitidos.
 - As baixas do exercicio 2010 contabilizáronse tamén en función da información contida nas relacións de baixas (tanto as tramitadas pola recadación municipal



como as tramitadas dende xestión tributaria), por períodos mensuais e coa periodicidade en que forón remitidos.

Incidencias a sinalar:

- Non se contabilizaron todas as baixas recollidas nos estados rendidos nas contas da Recadación municipal, ás diferencias débense a que en determinados conceptos de ingreso non existían dereitos pendentes de cobro na contabilidade municipal no exercicio ó que correspondían.

Adxúntanse como o presente informe dous cadros comparativos, no ANEXO I comparáanse os cargos recibidos na recadación municipal, tanto de ingreso por recibo como de ingreso directo, cos recollidos na contabilidade municipal, e, no ANEXO II compáranse detallado por anos e conceptos de ingreso, o importe pendente de cobro a 31/12/2010 na recadación municipal e o pendente de cobro na mesma data que se desprende da contabilidade municipal.

2. Obrigas pendentes de pago totais a 31-12-2010: Esta cantidade está recollida no estado de remanente de tesourería, cantidade calculada conforme o sinalado na regra 86 da ICL. recolle por tanto as obrigas pendentes de pago de orzamento corrente, de orzamentos pechados e de operacións non orzamentarias. As obrigas pendentes de pago minórase no importe dos pagos pendentes de aplicación, no caso de que existan, e tamén no importe dos pagos realizados con cargo a anticipos de caixa fixa pendentes de xustificación. Respecto ós importes que se recollen neste apartado do Remanente de Tesourería fáñse ás seguintes **observacións**:

b) O importe de obrigas pendentes de pago por operacións non orzamentarias (acreedores/debedores) recollido no Remanente de Tesourería ascende a 2.556.334,54 € No exercicio 2010 tramitouse unha depuración dos saldos das contas non orzamentarias para dar cumprimento ó principio de imaxe fiel. Este axuste de saldos nas contas non orzamentarias efectuouse en todas salvo nas que se sinalan a continuación por no dispoñer da necesaria información para determinar o saldo real das mesmas.

- 41901 “Acreedores por depósitos recuperados Caixa Xeral dep”. Saldo acreedor: 120.521,33 €

c) Respecto a cantidade a minorar polos pagos realizados con cargo a anticipos de caixa fixa pendentes de xustificar sinalar que ó peche de exercicio os anticipos de caixa fixa sen cancelar son os que teñen conta bancaria aberta ó efecto, de xeito que, se ben na contabilidade non se reflexaron os reintegros para pagos / pagos feitos ós acreedores finais pendentes de xustificación a 31/12/2010 e o saldo non quedou reflexado na conta 5581 “*provisións de fondos para anticipos de caixa fixa pendentes de xustificación*” para a minoración das obrigas pendentes de pago, esta cantidade dedúcese fácilmente do estado de tesourería e conciliación bancaria a 31/12/2010 ascendendo ós seguintes importes:

- ACF: María Aranzazu Ramos Varela. Conta. 20800251570041398834 ... 1.664,30 euros.
- ACF: Antonio Domarco Vázquez. Conta.20800251560041400392 392,99 euros.
- ACF: M^a Teresa Cartelle Sobrino. Conta.20910450473110002558 471,54 euros.

Procedería, polo tanto, tal e como sinala a regra 86 da ICL, minorar o importe recollido como obrigas pendentes de pago a 31/12/2010 en 2.528,83 €

Asimesmo, sinalar que se adxunta ó presente informe o traslado efectuado á Intervención Municipal no que se lle comunican os decretos que aproban recoñecemento de obrigas e que



quedaron sin tramitar por falta de crédito orzamentario suficiente,. O importe ó que ascende a cantidade total de obrigas recoñecidas e non tramitadas ascende a 17.718,88 €co detalle que se recolle no listado adxunto.

3. Resultado orzamentario axustado: O resultado orzamentario antes de axustes calcúlase conforme sinala a regra 79 da ICL cos datos que se deducen da contabilidade municipal. O resultado orzamentario total ascende a 2.481.536,03 euros e a ICL recolle as seguintes agrupacións: (*DRN= dereitos recoñecidos netos, ORN = obrigas recoñecidas netas*).

CONCEPTO	DIFERENCIA DRN –ORN
Operacións correntes –capítulos 1 - 5	9.283.051,92
Outras operacións non financeiras – capítulos 6 e 7	-5.509.860,99
1 - TOTAL OPERACIÓNS NON FINANCIERAS	3.773.190,93
2 - VARIACIÓN ACTIVOS FINANCIEROS – CAPÍTULO 8	-110.070,97
3 - VARIACIÓN PASIVOS FINANCIEROS – CAPÍTULO 9	-1.181.583,93
RESULTADO ORZAMENTARIO DO EXERCICIO (1+2+3)	2.481.536,03

O resultado así calculado é obxecto dos axustes previstos na regra 80 da ICL, respecto ós axustes a practicar no resultado orzamentario, sinalar o seguinte:

- No exercicio 2009 comenzáronse a definir os proxectos de gasto, esto permitiu poñer en marcha o seguemento contable dos mesmos, non obstante, compre ter en conta que os proxectos iniciados en exercicios anteriores non están recollidos na contabilidade municipal e, polo tanto, non son obxecto deste seguemento. No exercicio 2010, xa se definen practicamente a totalidade dos proxectos de gasto, non obstante, este módulo aínda non recolle a total realidade da execucion dos proxectos existentes, así, unha vez rematado o exercicio e revisados polo departamento de xestión económica e orzamentaria as operacións relacionadas cos proxectos de gasto, téñense detectado diferencias que afectan os datos que se desprenden da contabilidade municipal referidos ós proxectos (gastos executados sin que se teña creado previamente o proxecto correspondente, operacións imputadas a partidas que non son as que están asignadas no proxecto ó que corresponden..).
- Tendo en conta o sinalado no apartado anterior, os datos das desviacións de financiamento que se desprenden da contabilidade no se axustan aínda a realidade, por iste motivo, séguese levando manualmente un control paralelo ata que esté plenamente implantado o seguimento contable dos proxectos de gastos, así, as desviacións de financiamento correspondentes ó exercicio 2010 calculáronse de forma manual polo departamento de xestión económica e orzamentaria que realizou o seguimento e control dos gastos con financiamento afectado tendo en conta o establecido ó respecto na regra 48 da ICL. Adxúntanse á liquidación do orzamento as desviacións de financiamento do exercicio así calculadas.
- O importe das obrigas recoñecidas financiadas con remanente de tesourería para gastos xerais calculouse por esta Tesourería en base o seguinte criterio: “as partidas que teñan contabilizada unha modificación de crédito financiada con remanente de tesourería para gastos xerais, as primeiras obrigas recoñecidas corresponderan á modificación, ademáis cotexouse co departamento de xestión económica e orzamentaria os datos tidos en conta para o cálculo das desviacións de financiación. Adxúntase a á liquidación do orzamento o cálculo das obrigas recoñecidas financiadas con Remanente Líquido de Tesourería para Gastos Xerais.



Unha vez feitos os axustes anteriores o Resultado Orzamentario axustado ascende o seguinte importe:

RESULTADO ORZAMENTARIO DO EXERCICIO	2.481.536,03
+ Obrigas recoñecidas financiadas con Remanente de Tesourería para Gastos Xerais	7.929.146,25
+ Desviacións negativas de financiamento	13.621.433,99
- Desviacións positivas de financiamento	-14.172.556,40
RESULTADO ORZAMENTARIO AXUSTADO	9.859.559,87

- Proxectos de Gasto: A ICL dedica as regras 42 a 45 os proxectos de gasto ós que define como *unidades de gasto perfectamente identificables, en termos xenéricos ou específicos*, que se executan con cargo a créditos de unha ou varias partidas orzamentarias, que se estenden a un ou máis exercicios e que requiren un seguimento e control individualizado. Sinala a ICL que terán a consideración de proxectos de gasto os de inversión incluídos no Anexo de Inversións do Orzamento, os gastos con financiación afectada recollidos nas regras 46 a 50 da ICL e calesqueira outras unidades de gasto sobre as que a entidade queira efectuar un seguimento e control individualizado. A instrución sinala que o seguimento e control dos proxectos de gasto efectuarase a través do sistema contable recollendo, como mínimo, as operacións de xestión orzamentaria que lles afecten para acadar os fins que sinala a regra 45. Como xa se sinalou no apartado anterior, no exercicio 2009 comenzo a levar o seguimento contable dos mesmos, seguimento que aínda non está completamente implantado tal e como se pon de manifesto no apartado anterior deste informe.
- Desviacións de financiación do exercicio e desviacións de financiación acumuladas A ICL considera os gastos con financiación afectada como un Área contable de especial transcendencia en SICAL por resultar esenciais na determinación de certas magnitudes, o Resultado Orzamentario e o Remanente de Tesourería, fundamentais á hora de avaliar a xestión do Orzamento, institución básica na vida de toda Administración Pública. O seguimento e control dos gastos con financiación afectada permitirá, por unha parte analizar o Resultado Orzamentario, tendo en conta a incidencia que poden ter este tipo de gastos, e obter un Remanente de Tesourería indicativo da capacidade do suxeito contable para afrontar novos gastos, mediante a utilización deste recurso financeiro, e por outra banda ofrecerá información precisa ós responsables da xestión para evitar, no seu caso, os desaxustes de tesourería. A regra 46 da ICL defínese como calquera proxecto de gasto que se financie, en todo ou en parte, con recursos concretos que no caso de non realizarse o gasto non poderían recibirse ou de terse recibido deberían reintegrarse ós axentes que os aportaron. Na súa condición de proxectos de gasto será de aplicación o sinalado nas regras 42 a 45 da ICL. O seguimento e control dos gastos con financiación afectada realizarase a través do sistema contable, tal e como sinala a regra 48 da ICL correlacionando debidamente a realización dos gastos cos ingresos específicos que os financien. Este seguimento garantizará o cumprimento dos fines sinalados entre os que se encontra o de calcular, na liquidación de cada un dos orzamentos a que afecte a execución de gastos con financiación afectada, as desviacións de financiación que, no seu caso, se teñan producido como consecuencia de desfases, calquera que sexa a orixe, no ritmo de execución do gasto e dos ingresos específicos que o financian. No Orzamento do exercicio 2009 comenzo a definir os proxectos de gastos o que, a súa



vez, permitiu levar o seguimento e control contable dos gastos con financiación afectada na súa condición de proxecto de gasto tal e como os define a ICL, a través de un subsistema que facilite dentro do proceso de peche de cada orzamento, os datos necesarios para, conforme á normativa vixente, depurar o Remanente de Tesourería e o Resultado Orzamentario calculados. Como xa se sinalou, este é o segundo exercicio no que se recollen en contabilidade os proxectos de gastos, o que orixina a existencia de diferencias no cálculo das desviacións que resultan do programa de contabilidade e as calculadas manualmente polo departamento de xestión económica e orzamentaria polos motivos sinalados anteriormente.

6. Remanente de crédito: O importe do remanente de crédito total recollido na liquidación do Orzamento é o que se desprende da contabilidade municipal e ascende a 41.023.957,27 €. O listado que se adxunta á liquidación do orzamento MEM201A2_04 recolle os remanentes de crédito e clasifícaos en comprometidos e non comprometidos e cada un deles a súa vez en incorporables ou non incorporables. O importe dos remanentes de crédito comprometidos ascende a 12.100.365,53 € e o importe dos remanentes de crédito non comprometidos a 28.923.591,74 €.
7. Remanente de Tesourería: O estado de Remanente de Tesourería calcula esta magnitude a partir dos dereitos pendentes de cobro e obrigas pendentes de pago a 31-12-2010 calculadas tal e como se recolle nos puntos 3 e 4 deste informe. Ademais, integran o Remanente de Tesourería Total os fondos líquidos na Tesourería á fin de exercicio e que ascenden a 36.903.383,92 €. Sobre o importe total obtido con estes datos efectúase o axuste dos saldos de dubidoso cobro calculados conforme se recolle na base de execución nº 58 do orzamento e o dos excesos de financiación afectada. Deste xeito obtense o Remanente de Tesourería para Gastos Xerais que ascende a 16.948.836,39 €. Non se ten en conta no cálculo desta magnitude o sinalado no apartado 3. b) respecto dos pagos efectuados con cargo a anticipos de caixa fixa pendentes de xustificación (2.528,83 €).

Ourense, 12 de abril de 2011
A Tesoureira

Sandra Álvarez Suárez.